

Lingua galega e literatura

Unidade 6: **As variedades dialectais**



IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

Que trazos dialectais percibistes na protagonista de *Matria*?



Algúns trazos dialectais de Vilagarcía:

-gheada: ghuapa

-seseo explosivo: corpaso

-prosodia: musicalidade

-terminación verbal das 1ª persoas dos pretéritos do verbos da 1ª conxugación en -in: *cantín, soñín* en lugar de *cantei, soñei*.



Variedades xeográficas do galego


As variedades poden manifestarse en calquera nivel da lingua:

- Fonética**: gheada ou non-gheada
- Morfoloxía**: terminacións, como pantalóns / pantalós / pantalois
- Sintaxe**: teísmo ou cheísmo / te (CD) che (CI)
- Léxico**: raposo / golpe

As variedades xeográficas. Termos


Dialectoloxía: área lingüística que estuda estas variacións.

Isoglosa: Liña imaxinaria que delimitan as zonas que comparten ou non un fenómeno lingüístico.




As variedades xeográficas do galego.

-Tres grandes bloques e dentro destes podemos dividir en áreas.




As variedades xeográficas do galego.

-Reparade nas áreas que se atopan fóra das nosas fronteiras administrativas. V. Páxina 86.



sin gheada
con gheada



As variedades do galego. Bloque occidental

-Abrangue: parte occidental das provincias da Coruña e Pontevedra e unha zona do suroeste de Ourense.

-Trazos xerais: gheada, seseo explosivo ou implosivo; -án (masc. e fem.), -ns para masc. pl., ti (pp), el (pp), terminación verbal da P2 do pret de ind en -eche(s), -este(s)

As variedades do galego. Bloque occidental

-Área bergantiñá: -iu na P3 do pret de indicativo dos verbos da 2ª e 3ª conx.: colliu, partiu.

-Área fisterrá: seseo explosivo, cheísmo. Na zona N (Xallas) empregan sistematicamente o ditongo -ui- (muito, noite) e na zona S (Tambre, Barbanza) usan -oi-.

-Área pontevedresa: -eu na P3 do pret. De indicativo dos verbos da 2ª e 3ª conx.: colleu, parteu.

As variedades do galego. Bloque central

-Abrangue: parte nordeste interior da provincia da Coruña, polo interior de Pontevedra e por case a totalidade de Lugo e Ourense.

-Trazos xerais: gheada e non gheada, seseo implosivo e non seseo e ditongo -oi-; -ao / á (masc. e fem.), plural en -s para subst -n, ti / tu (pp), terminación verbal da P2 do pret de ind en -iche(s), terminación verbal da P4 do pres de ind en -des.

As variedades do galego. Bloque central

-Área mindoniense: nosoutros / as e vosoutros / as, formas verbais propias *seña* ou *esteña*.

-Área lucu-auriense: iste, ise, aquil; il (pp)

-Área central de transición: ditongo -oi- e -ui-, formas do pronome *e/*.

-Área oriental de transición: formas *este*, *ese* e *aquel* e *el* (pp).

As variedades do galego. Bloque oriental

-Abrangue: parte máis oriental de Lugo e Ourense e o galego exterior.

-Trazos xerais: non-gheada, non-seseo o e ditongo -ui-; -ao / á (masc. e fem.), plural en -is para subst -n, -ín en lugar de -iño, tu (pp), terminación verbal da P4 do pres de ind en -is.

As variedades do galego. Bloque oriental

-Área asturiana: mantemento do -L- (molín, avolo).


-Área ancaresa: vogais nasalizadas, gheada.

-Área oriental-central: -íus no canto de -iños.


-Área zamorana: teísmo.

As variedades do galego. Trazos


■ distinción /s/ - /θ/
 ■ seseo implosivo (cinco/des)
 ■ seseo explosivo e implosivo (sinco/des)




■ sin gheada
 ■ con gheada




■ TE (OD) - CHE (OI)
 ■ Cheismo
 ■ Teismo




■ ti
 ■ tu




■ el
 ■ il



■ isto
 ■ esto



■ pantal[ˈo]ns
 ■ pantal[ˈo]ns
 ■ pantal[ˈo]js
 ■ pantal[ˈo]js (vry m)
 ■ pantal[ˈo]js
 ■ pantal[ˈo]js
 ■ pantal[ˈo]es
 ■ pantal[ˈo]nes



ti cantas:
 ■ vos cantades
 ■ vos cantás
 ■ vos cantais
 ■ vos cantandes

